



Grupo de Montaña "Pena Tallada"
Ribadeo
Tno. 659 953 361
penatallada@gmail.com
www.penatallada.org

Sierra de Gorrión – Picu Mayor

SITUACIÓN: *Quirós (Asturias)*

PUNTO DE PARTIDA: Área recreativa de *Las Agüeras*

ACCESO: A *Las Agüeras* chégase pola estrada AS – 229 *Trubia – Pola de Lena*

HORARIO: 5/6 horas

DESNIVEL: 660/854 m.

DISTANCIA: 12 km.

DIFICULTADE: Baixa – Media

TIPO DE ROTA: Circular

MAPAS: I.G.N. – 52 – III – IV

SINOPSE: A *Serra de Gorrión* encravada no concello de *Quirós* inclúese no espacio meridional do *Aramo* constituíndo en sí un abrupto macizo calcáreo que se alza imponente sobre a marxe esquerda do río *Quirós*. Aos seus pés sitúase o encoro de *Valdemurrio*. Esta serra que estende de norte a sur, preguease a si mesma por vertixinosas canles por riba das cales están os picos *Granda Mullía*, *Contruteiro*, *Pico Mayor* e a *Peña Los Reales*.

A vertente norte é sumamente escarpada, debuxada por pendentes corredores colmados de covas. Son coñecidas as de *Cotutres*, *Canal Seca* e *Cueva Canal*. Nesta última perdeu a vida nun desgraciado accidente o espeleólogo *Tito Bustillo*.

DESCRIPCIÓN DA ROTA: Na beira do encoro de *Valdemurrio* sitúase a área recreativa de *Las Agüeras* dende a cal collemos a estrada que cruza o río cara a *Villaorille* (380 m.). Dende esta aldea arrancan dous camiños cara ao leste. O máis alto vai directo a *Toriezo* sucando os contrafortes da chamada *Sierra Alguera*. O segundo de maior traza dirixese a *Villaorille* a un nivel superior do río, tallado parcialmente na rochosa ladeira da pena.

Dende *Toriezo*, imonos cara ao sur pola pista de *Villagandú*. De seguida temos que abandonala collendo novo rumbo a dereita parcialmente sinalado cara ao zócalo da cordilleira. Por alí seguimos un falso chan ata outra bifurcación. Collemos o camiño da esquerda que prosegue empedrado cara as brañas de altura. Zigzaguea cara arriba por debaixo de abeleiras pasando máis adiante polo cimbro de *Cotutres*. O camiño segue con rumbo ao medio día deparándonos boas panorámicas da paisaxe quirosana. De repente aparece diante de nós a braña de *Chandeneva* (900 m.l) formada por un núcleo de cadras e praderías abandonadas que cercan unha destacada agulla calcárea denominada a *Bérgola*, a partir da cal, o camiño perde parte da súa traza dando un brusco xiro a dereita. Con o novo cambio de rumbo, o camiño empínase ostensiblemente ata acadar o manancial de *Fonte Mayor*, tamén chamada *Fuente Carril*. Seguimos a marcha en dirección ao amplo cimbro *Quintaneiru* (1.040 m.) polo que chegamos a braña do mesmo nome que da paso a contigua *Mortera de Caranga*.

Despois acometemos por sendeiro debuxado na ladeira meridional que de maneira esguellada avanza ao poñente en busca dunha ampla canle. Superámola ata coroar unha pequena carballeira ao remate da cal chegamos ao cimbro de *Ordiales* (1.200 m.). Dirixímonos a esquerda cara ao *Picu Mayor* (1.234 m.), configurado por unha afiada agulla. Despois dunha curta aproximación e fácil trepada acadamos o seu cume, o cal presume de mostrar a panorámica máis sobresaínte da *Serra do Aramo*. O horizonte esténdese cara a *Sobia* e todo o val de *Quirós*. Xusto na vertical do pico, temos o encoro de *Valdemurrio* cunha separación de mil metros de verticalidade.

A baixada podemos facela cara a próxima braña de *Enfilera*, onde comeza un vertixinoso val, no remate do cal, o sendeiro pasa por un pequeno túnel que cruza a rocha para reaparecer por riba do encoro de maneira un tanto increíble. O túnel foi feito hai varios séculos polos campesiños para facilitar o acceso as brañas.

De seguida chegamos a *Villaorille*, onde temos unha fonte, cruzamos a ponte para desembocar na área recreativa de *Las Agüeras*, onde agarda o autobús.